

## XA VAI UNHA DÉCADA ... E UN POUQUIÑO MÁIS

Como andas meu amor? Eu por aquí sigo como sempre, deixando pasar os días e a horas que quedan para volver a verte, e grazas a Deus, xa volve a quedar menos. Se todo vai segundo o previsto, o venres xa estaremos xuntos de novo, e teremos uns días por diante, para gozar xuntiños.

A verdade é que hoxe me puxen a pensar en que xa vai case unha década desde que se cruzaron os nosos camiños, e dende entón, mellor ou peor non sempre estivemos xuntos. E digo así, xa que o teu traballo e o meu porvir sempre lle puxeron trabas á nosa historia, aínda que eu penso que se no meu caso non estudara fóra... Como sería a nosa historia?

Eu, como ben sabes, sempre fun moi soñadora, sempre tiven a cabeza chea de paxaros ata que de pronto apareciches ti. Eras a última persoa que imaxinaba que fora poñer algo de cordura e serenidade na miña vida! Foi naquel momento no que me cativou a túa aparente seriedade e madurez, que tan pouco me gustara no pasado, e que dende ese momento me impediu deixar de pensar en ti sempre e en cada momento. Cantas voltas da a vida! Dende entón comecei a crer no destino, xa que despois duns cantos anos e unhas cantas diferenzas entre os dous, foi o destino o que nos xuntou para sempre.

Os nosos inicios como parella xa foron premonitorios. Non cres? Aínda estabamos tolos, xa que, a quen se lle ocorre comezar unha historia sabendo que durante dous meses e medio non nos veríamos? Pois veña, como dous nenos comezamos unha historia da que xa vai facer unha década que se escribe, e á que aínda lle quedan moitos capítulos. Non cres?

Aínda lembro a primeira vez que nos tivemos que separar. Foi un vinte e tres de abril, despois de pasar uns días pola Costa da Morte. Chegou a hora. Ti tiveches que marchar, e coa incerteza de que non sabíamos canto tempo ía pasar, cando nos poderíamos volver a ver, nese momento comeza a nosa verdadeira historia. A semana seguinte foi a peor semana da miña vida ata aquel momento, despois por desgraza chegaron máis, pero quixen poñer terra de por medio e eu tamén me fun, de maneira que as cousas se complicaron un pouquiño máis. Creo que sempre me culparei por iso, sei que tiven sempre o teu apoio incondicional, pero por que tan lonxe?, por que a unha cidade na que ti non podías traballar? Ben, iso agora xa non importa. O que si é certo é que a miña marcha tiña data de caducidade, cousa que a túa naquel momento non.

Daquela, ninguén daba un peso por nós. A min aínda me vían moi cativa, trouleira, e soñadora... Tamén dicían que a distancia é o esquecemento. Un día incluso cheguei a discutilo cun compañeiro da facultade. Eu sempre defendín que para nós iso non valía, que a nós a distancia nos daba máis do que nos quitaba, que nós eramos diferentes, que tiñamos algo especial. Pero teño que recoñecer que sempre tiven o temor de equivocarme, xa que sempre houbo moitos quilómetros entre os dous e moitas trabas no camiño, que por sorte fomos sorteando. E xa ves, despois de todo, agora xa non somos mozos, agora somos un pouco máis, agora xa somos unha familia, na distancia, pero unha familia. E agora doume conta de que as semanas malas, tristes, apáticas que pasaba hai uns anos, xa non son nada comparadas co que son agora.

Hai moita, moitísima xente que me di que eu xa tiña que estar acostuada a estar lonxe de ti, pero a xente parece que non me entende, de feito creo que aínda que digan que si non o fan. De feito non quero que o fagan, non quero que se compadezan de min, pois eu xa sei, e mellor que ninguén, que cando comezamos “*xa sabía o que había*”, e que tiña que estar acostuada. E si, a verdade é que o sabía, e o sei. Sei que o teu traballo implica moitos días fóra, pero agora aínda que estás a traballar, a situación non é a que ningún dos dous sabíamos que iamos ter. Eu creo que o peor de todo é polo que estamos a pasar neste momento, xa que cada un vai levando a súa vida, sabendo que ten a súa parella, pero coa que non pode compartir nada máis que uns días durante o mes, unhas vacacións, e algún día que outro que queda libre polo medio.

Moitas veces cho dixen, “*voume contigo*”, pero ao final nunca o fixen. Ao principio porque tiña uns obxectivos claros, os cales ía cumprindo coa ilusión de que cando os alcanzase, nós volveríamos estar xuntos. E agora a decisión foi un pouco dos dous. Sei que a ningún dos dous nos resulta agradable esta situación, pero os dous pensabamos que ía durar menos, e claro, cando estaba a punto de conseguir irme contigo á fin do mundo sen deixar de perder nada, xorde na nosa vida algo que os dous sabemos e que dalgún xeito me impide estar ao teu lado. Sempre penso, agora xa queda menos, agora queda un pouquiño menos, cada día levántome pensando que xa vai outro día, pero ese pouquiño parece unha eternidade, xa que nunca remata. Por cantas cousiñas temos pasado! Por cantas cousiñas estamos a pasar! Ti en realidade cres que algún día teremos a recompensa ansiada? Que virán tempos mellores? Xa sabes que eu me conformo con pouco. Eu só quero chegar á casa e poder xantar ao teu lado, chegar á casa e poder cear ao teu lado, quedar durmida na nosa cama contigo ao meu lado, espertar cada mañá e terte ao meu lado. Creo que non pido tanto, ou si?

Unha das cousas máis claras que saquei de todo isto é que nos queremos moito. Acórdaste cantas discusións tivemos porque eu dubidaba do teu amor? Que parva fun! Pois non era capaz de ver tantas e tantas cousas que fixeches polos dous. E agora sinto, cada día, o moito que nos queremos, xa que non e comprensible como despois de tantas trabas, de tanta soidade, de tantos contratemplos, aínda seguimos con ganas de loitar! E xa pasou case unha década! Pola miña parte parezo parva, pero sigo con ganas de loitar. Sei que algún día o que ti me dis vai ser, sei que os tempos mellores están por vir, e sei que mentres non chegan, nós estamos condenados a vivir cun calendario presente, para poñernos de acordo mirando os días que podes vir á nosa casa, ou vou eu á casa que nos deixaron, ou que che deixaron cando tivemos a esperanza de que a distancia remataba xa, e despois nola quitaron.

Meu amor, tan só espero que todos os contratemplos que se van presentando na nosa historia, non me fagan perder as forzas para seguir esperando a que a nosa vida de parella por fin se vexa recompensada. Hai algo máis de ano e medio que nos unimos en matrimonio, agora só nos queda que este matrimonio que tanto desexabamos os dous, por fin se xunte para non se volver a ter que separar, e poidamos dunha vez, cumprir as ilusións que tiñamos o día que decidimos unirnos para sempre.

Tan só espero que as forzas non se me esgoten, porque agora sei que xa queda un pouquichiño menos que onte, e un pouquichiño menos do que quedará mañá ... Aínda que o meu instinto de muller dime que ese pouquichiño en realidade é un pouco máis do que os dous sabemos. Sei que non é cousa túa, que ti agora mesmo non podes facer nada máis que o que fago eu, esperar. Por todo isto, gustaríame que a nova década que nos espera máis próxima, a poidamos pasar o máis xuntiños posible. Pois aínda que xuntos sempre estamos, xa que te teño no meu sentir sempre, quero poder abrazarte, bicarte, e mirarte sen depender dun calendario.

Ai meu pequerrecho, vivo por e para ti, cada día que me levanto fágoo pensando que xa queda menos para poder estar xuntos, es o motor da miña vida, a miña alegría de vivir, e xa vai sendo hora de que a vida nos recompense dalgún xeito, tan só desexo que o único que nos separe sexa en realidade o teu traballo, pero porque o teñas por fin ao meu lado.

Quérote moito vidiña. De non ser por ti, agora mesmo non sei que sería de min, sempre me deches a forza necesaria para tirar cara a diante, para loitar polo futuro sendo cauta pero firme no presente. Por iso quérote tanto, por iso necesítote tanto, porque cando estou triste ti fásme sorrir, porque cando estou contenta ti aínda o estás máis, porque cando necesito chorar ti posme o teu ombro e dásme consolo, porque cando necesito rir ti axúdasme. Téñote presente en cada momento do día dende hai unha década, e espero que en todas as que nos queden por vivir.